

# TALLER A FUNCIÓN DE INTELIXENCIA NA EMPRESA



**Data:** 4, 11, 18 e 25 de novembro de 2021  
**Horario:** Primeira sesión 16:30 – 17:30h Resto de sesións 15:30-17:30h  
**Organiza:** CIS Tecnoloxía e Deseño - Axencia Galega de Innovación

O obxectivo deste taller é proporcionar ao persoal da empresa coñecementos metodolóxicos e elementos de reflexión para abordar o desenvolvemento da Función de Intelixencia na empresa. Ao terminar o curso, o alumno experimentaría na práctica contidos teóricos e estará en disposición de valorar a capacidade da súa organización para abordar a Función de Intelixencia e iniciar ou consolidar a súa posta en marcha. Realizaranse prácticas con software especializado sobre un caso empresarial para afianzar coñecementos.

Este taller será impartido por **Miguel Borrás cofundador e CEO de Antara Information Technology**, empresa dedicada ao desenvolvemento de software para a xestión da Función de Intelixencia nas organizacións, con clientes en 7 países.

## Presentación

María José Mariño Fontenla  
Directora de Área de Centros de la Axencia Galega de Innovación

### ▷ 4 de novembro 16:30 – 17:30h *Introdución á Función de Intelixencia na empresa*

- A Función de Intelixencia.
- Intelixencia para a Innovación e Resiliencia
- Estado da arte vs Intelixencia continuada.
- Que esperan os Directores Xerais da Función de Intelixencia?.
- Os horizontes na toma de decisión: Intelixencia Táctica, Estratéxica e Prospectiva.
- Enfoque arriba abaixo e abaixo arriba.
- O seguimento de tendencias.
- A planificación de escenarios estratéxicos.

### ▷ 11 de novembro 15:30 – 17:30h *Xestión das fontes na Función de Intelixencia*

- Tipos de fontes abertas. Sitios web, canles RSS, alertas de buscadores, subscricións por email, Redes sociais, bases de datos.
- Estratexias de monitoraxe eficiente das fontes abertas.
- Prácticas: Incorporación de fontes.
- Como apoiarse na tecnoloxía para a minimización dos puntos cegos.

### ▷ 18 de novembro 15:30 – 17:30h *Modelado das necesidades de información na Función de Intelixencia*

- Despregamento das necesidades de información. Enfoque de arriba abaixo vs. De abaixo a arriba.
- Eixos para estruturar os focos da intelixencia
- Deseño do tesouro e modelado de hipóteses.
- Prácticas: Posibles hipóteses de intelixencia sobre un caso empresarial.
- Distribución de responsabilidades de intelixencia.
- Prácticas: Como organizar o fluxo de información asignando niveis de implicación para cada persoa.

### ▷ 25 de novembro 15:30 – 17:30h *A organización da Función de Intelixencia na empresa*

- O ciclo de intelixencia.
- O cliente interno e a Organización dos fluxos de traballo.
- Explotación: tipos de entregables en función dos obxectivos.
- Prácticas: Xeración de valor a partir das alertas recompiladas polo software.
- O factor humano.
- A figura do Líder de Intelixencia.
- A mellora continua da Función de Intelixencia.
- Prácticas: Comprenderemos as métricas de explotación e como aproveitálas para monitorar e mellorar o proceso de intelixencia.

\* *Enviárase material complementario antes da primeira sesión*